

Ti mesmo, ti mesma podes responder a esa pregunta: mira se no centro educativo ao que van os teus fillos/as:

1. Están todos os mestres e mestras que fan falta ou non: p. ex., se hai alguén de baixa e ninguén para substituílo .- *algúns centros educativos teñen este problema a día de hoxe; neste caso os nenos /as estarán atendidos polo resto de mestres que se irán turnando en ir á súa aula en vez de adicárense a preparar as actividades do grupo do que son titores, a corraxir, a buscar materiais para as seguintes clases, etc.*
2. Se os mestres e mestras que están a impartir especialidades –música, educación física, inglés, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, e educación infantil – son especialistas desa materia ou non.- *en moitos centros está a pasar neste curso que os mestres e mestras que mandaron para ocupar esas prazas NON SON ESPECIALISTAS nesas ramas;*
Estes mestres e mestras están a adicar boa parte do tempo fóra do horario da escola a preparárense para impartir ben esas asignaturas; non lles pagan esas horas coma horas extra, como se fai nas empresas privadas, pero eles/elas fano igual porque teñen que responder diante dos vosos fillos;
3. Cal é a ratio profesor-alumno . A lei di que en primaria ata 25 por aula está ben pero, *paréceche que se pode ofrecer a mesma atención a cada alumno/a con 25 nenos por aula ca con 20?;*
4. Tenta lembrarte, ou enterarte, de como funcionaba a escola do teu fillo ou filla no curso pasado en canto á atención a nenos e nenas con dificultades para seguir o ritmo do curso nalgunha asignatura (é posible que houboese algún mestre ou mestra que adicase horas á semana a axudarlle); *compárao con este curso para saber se segue a haber esa posibilidade no centro ou se pola contra a cantidade de mestres/as é menor e, en consecuencia, non se pode facer este tipo de apoio.*
5. Moitas das actividades que se viñan facendo nas escolas –coma visitas de escritores e contacontos, excursións a museos ou a teatros, p.ex.- pagábanse con cartos de proxectos que se facían nos centros e que a Consellería autorizaba e dotaba economicamente; *neste curso a maior parte desas axudas retíranse e ao mesmo tempo, aumentouse enormemente o número de centros privados con subvención (os chamados concertados);*
6. Pensa que cando os teus fillos e fillas van de excursión coa escola, non é por pasear, van para aprender algo de maneira diferente a como o farían quedando no centro; pensa cantas horas bota o mestre/a pendente deles nesa viaxe: ás veces volven pola tarde, bastante despois do horario escolar. Sabes que esas horas non se contabilizan de ningún xeito pola Consellería?

Non son “horas veladas”, nin “horas extra” (iso non existe no mundo do ensino); a mestra do teu fillo/a non vai cobrar máis o mes que vai con el de excursión ou a semana que bota con ela nun campamento de Escolas Viaxeiras.

Pensas que esas actividades non son necesarias, que aprenderían igual quedando na escola?

E agora, párate e reflexiona: pareceche que os aspectos aquí sinalados carecen de importancia? Ou pola contra teñen moito que ver coa calidade na educación?

Hai máis aspectos sobre os que pararse a pensar e que che darán a medida de como se está a rebaixar a calidade do ensino público; fai a túa propia lista, xa verás.

Pois isto é o que está a pasar no momento actual coa educación pública en Galicia e tamén en varias das comunidades autónomas: Madrid, Andalucía, Castela-A Mancha e Navarra, por exemplo.

Por iso, moitos mestres e mestras do ensino público protestamos, e moitos pais e nais tamén. A calidade do ensino público é cousa de toda a sociedade.

.....//.....